


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituración de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola PP1

Piñeiro do país *Pinus pinaster* Ait.



Piñeiro do país

Pinus pinaster Ait.

MODELO SILVÍCOLA PP1

Madeira para trituración, pequena porcentaxe para serra. Máxima produtividade en madeira

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** de 1.430 a 1.140 plantas/ha.
- **Marco da plantación:** 3,5 metros entre liñas, como mínimo, e 2 metros entre plantas, ata 3,5 m x 2,5 m.

3 MANTEMENTOS

- **Entre os 2 e 5 anos:** roza mecanizada entre liñas de plantación e manual nas plantas.
- **Entre os 3 e 6 anos:** desmesta sistemática ou manual en rexenerados naturais que adecúe a densidade final á sinalada neste modelo.



Máis información do modelo

MODELO SILVÍCOLA PP1

ESPECIE: *Pinus pinaster* Ait., aplicable a formacións mixtas con *P. radiata*

OBXECTIVO: madeira para trituración, pequena porcentaxe para serra.
Máxima produtividade en madeira

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** poda baixa (2,5-3 m) cando a altura é de 6-7 m e o diámetro normal medio de 10 cm.
- **Desmestas:** aos 8-10 anos. Deixaranse 1.000-1.100 pés/ha e eliminaranse os pés con defectos e dominados. Posible aproveitamento enerxético dos restos. Trituración ou espaxado de restos no 50 % das entreliñas.
- **Rareas:**
 - Primeira rarea: aos 10-12 anos sobre pés con defectos e dominados ata deixar 750-900 pés/ha.
 - Segunda rarea: opcional, aos 15-20 anos ata deixar 650-700 pés/ha.
- Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas.
- **Resinado:** compatible con resinación nos 3-5 anos previos á corta final.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** 25-35 anos, dependendo da calidade de estación.
- **Métodos de corta:**
 - Corta a feito en superficies menores a 5 ha e pendentes inferiores ao 25 %.
 - Corta a feito en dous tempos en superficies maiores a 5 ha e pendentes maiores ao 25 %.
- Deixaranse durante 5-10 anos 25-50 pés/ha, que serán árbores pai.